



Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN en demanda da retirada do Anteproxecto de lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade presentou no pasado mes de agosto o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galiza.

A pesares das datas escollidas para o inicio da andadura, os colectivos axiña deixaron oír a súa voz, obrigando á Xunta a convocar aos colexios profesionais do sector (Médicos, Farmacéuticos, Enfermería, Veterinarios, Odontólogos e Fisioterapeutas) e posteriormente a estender o prazo de presentación de alegacións –suxestións segundo o portal da Consellería de Sanidade/SERGAS- ata duplicar o período primeiramente sinalado.

Esta modificación da lei 8/2008, que vai provocar máis deterioro na sanidade pública, consolidar a liña de recortes, priorizar o criterio económico en detrimento das necesidades dos usuarios e usuarias e afectar negativamente á calidade asistencial, é presentada pola Consellería como *principalmente administrativa e non suporá ningún cambio para os pacientes, que non terán que cambiar de médico nin de hospital*, obviando que tales cambios son dereitos adquiridos dos usuarios do SERGAS.

De feito, o anteproxecto anula o establecido pola lei de saúde en vigor que di que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase *“tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación”*, para incluír que se fará *“tendo en conta os recursos sanitarios existentes”*, modificación inaceptábel, xa que deixa as necesidades sanitarias d@s galeg@s á mercede dos recursos que o Partido Popular decida destinar á sanidade pública, que como é unha evidencia, non deixou de recortar desde que volveu ao Goberno da Xunta.

Por outra parte, suprímense as actuais áreas sanitarias para crear unhas áreas maiores na súa extensión territorial, poñendo aínda máis distancia entre pacientes e persoal e os centros de decisión.

As sete áreas propostas coinciden coas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) que o Goberno do PP creou no ano 2010, cando iniciou a súa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes. Naquela altura, as mobilizacións e a forte oposición da cidadanía e profesionais, conseguiu que o primeiro intento de desmantelamento non fora tan lonxe como pretendían, aínda que coa posta en marcha das EOXI conseguiron unha boa parte dos seus obxectivos, comprometendo gravemente a sanidade nas áreas con hospitais comarcais como O Barco, Monforte, Burela ou O Salnés. A perda das xerencias nos hospitais comarcais significa a perda de capacidade organizativa e resolutiva, e no caso do Hospital do Barbanza a imposibilidade de constituír unha área por si mesma, e por tanto de mellorar a calidade asistencial ás mulleres e homes da zona xeográfica afectada.

A consolidación das EOXI, coa conseguinte perda das xerencias e da autonomía no desenvolvemento dos proxectos das actuais áreas sanitarias, tamén afectará de xeito negativo á Atención Primaria, que ben sabemos precisa de maior impulso para mellorar a súa calidade, a dotación de persoal e recursos, e acadar un correcto funcionamento da súa carteira de servizos, actualmente subdesenvolvida.

Coa modificación que pretende aprobar o Partido Popular, esta situación vai agravarse aínda máis, de xeito que os Hospitais Comarcais e Atención Primaria pasan a ser meros apéndices dos grandes hospitais, que absorberán a maior parte dos recursos sanitarios.

Os mecanismos de participación social recórtanse dun xeito brutal, quedando totalmente amordazados, deixando a un lado actores tan importantes como as asociacións de veciños, de usuarios e profesionais, que garantan a equidade e a eficiencia das decisións tomadas. A composición tanto do



Consello Galego de Saúde como dos Consellos de Saúde de Área deixan de estar recollida na Lei, e determinárase, antidemocraticamente, por decreto da Xunta. Retíraselle capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, e só manteñen capacidade de asesoramento e consultivo. Incluso suprime a procura dunha composición paritaria dos mesmos.

O carácter privatizador da modificación é moito máis evidente no I+D+i do SERGAS, ao dotar de personalidade xurídica propia e autonomía de xestión, aos organismos público-privados, que xa controlan por decreto a docencia, a investigación e a innovación, e que decidirán, xa lexitimados, o destino do 50% do gasto sanitario público.

A nova lei, aproba a creación dun Sistema de investigación independente do SERGAS, vinculado ás universidades e á industria, que terá á súa disposición os profesionais e pacientes de tódolos centros de saúde e hospitais públicos para os ensaios clínicos e a elaboración de patentes, co obxectivo confeso de que a investigación sanitaria sexa un motor de desenvolvemento económico en Galiza e da actividade produtiva, como se o Sistema de Saúde non tivese outro fin primordial que fabricar e consumir tecnoloxías e fármacos, en vez de incrementar a saúde e mellorar a vida da poboación.

Con respecto á provisión de prazas no SERGAS, ademais dos procedementos estatutarios de selección, promoción interna, mobilidade e reingreso ao servizo activo, a nova lei engade a libre designación, sen especificar o tipo de postos que poden ser cubertos desta forma, o que incrementará os contratos “a dedo” e a discrecionalidade, a iniquidade e a dependencia dos profesionais do SERGAS.

Por outra parte, a Xunta non aproveita a modificación da lei para facer unha aposta pola carreira profesional dos médicos e dos outros profesionais sanitarios, lexitimando a inxusta situación actual de forma que os médicos mais novos e preparados, non poden acceder á promoción profesional e retributiva, o que xerará desigualdade no trato.

Por todo o exposto este concelleiro, en representación do Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte


ACORDO:

Demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

1. Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia.
2. Creación da Área Sanitaria de Barbanza, para
 - a) Favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da nosa comarca, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para os e as usuarias.
 - b) Descentralizar as tomas de decisión e respectar as competencias e a autonomía da Área Sanitaria.
 - c) Desenvolver unha xerencia próxima, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.
 - d) Poñer en valor o Hospital do Barbanza, dotándoo do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.
3. Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario e como un elemento chave para o sistema sanitario público galego.

- a) Dotar cos recursos económicos, técnicos e humanos, que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.
- b) Devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencia directa.

A Pobra do Caramiñal, 14 de setembro de 2017



Asdo.: Ramiro Ouviaña Ouviaña,
Concelleiro do G. M. do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL